



Renovación Parcial do Consello Escolar – Novembro 2024-Convocatoria/Información Alumnado

Olga Simón Cruz, directora do IES de Cacheiras, en cumprimento do establecido no Decreto 7/1999 do 26 de Xaneiro de 1999, e da Resolución do 10 de setembro de 2024 informa ao alumnado do centro sobre a **CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS** para a renovación parcial do consello escolar, para o cal:

1. Procederáse á elección de 2 representantes do alumnado, e cubriráse unha vacante da renovación parcial do ano 2022, en total **resultarán elixidos 3 representantes do alumnado**.
2. O **Censo Electoral** de tódolos alumnos/as do centro está exposto no taboleiro de anuncios destinado ás eleccións dende o 24 de outubro, día no que se constituíu a Xunta Electoral.
3. As **reclamacións ao Censo Electoral** presentáranse por escrito ata o 11 de novembro.
4. As **Candidaturas** presentáranse por escrito ante a Xunta Electoral na secretaría do centro nas datas comprendidas entre o 24 de outubro e o 11 de novembro, ámbalas dúas incluídas.
5. As **Candidaturas proclamaranse publicamente** no taboleiro de anuncios o 13 de novembro.
6. As **Resolucións** ás reclamacións ao Censo Electoral proclamaráanse publicamente no taboleiro de anuncios o 18 de novembro.
7. As **Reclamacións ás Candidaturas** presentáranse por escrito ante a Xunta Electoral os días 14 e 15 de novembro, ambos os dous incluídos.
8. As **Resolucións ás Reclamacións ás Candidaturas** faranse públicas no taboleiro de anuncios o 18 de novembro
9. O **Sorteo** dos membros da **mesa electoral de alumnado** será realizado en acto público o 13 de novembro as 12:20 h. no despacho de dirección.
10. A **mesa electoral de alumnado** estará composta pola directora que actuará como presidenta, e dous alumnos/as designados por sorteo público, actuando de secretario o de menor idade.
11. A **Votación terá lugar o mércores 20 de novembro**, por quendas.
12. Cada votante fará constar un máximo de 2 nomes na papeleta.
13. Rematada a votación procederáse ó escrutinio público dos votos e levantarase acta da votación.
14. A Xunta Electoral proclamará publicamente no taboleiro do Centro os candidatos elixidos o 22 de novembro.
15. O novo Consello Escolar constituirase o xoves 28 de novembro ás 19:00 h.

Cacheiras, a 24 de outubro de 2024

A directora e presidenta da Xunta Electoral:



Asdo.: Olga Simón Cruz